

R/Félix Acevedo 13
15008 A CORUÑA
TM 619 243 733
www.aportacomunicacion.com
info@aportacomunicacion.es

CARBALLO EMPRENDE 08



CARBALLO EMPRENDE 2008

FORO DE EMPRENDEDORES E
OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

CONCELLO DE CARBALLO

Foro de emprendedores e oportunidades de negocio

Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Coruña
en Carballo

22 e 23 de maio



DEFINICIÓN

Xente, ideas, oportunidades, futuro

Os emprendedores e as emprendedoras son xente que busca unha oportunidade, que impulsa ideas e que pensa no futuro dende un punto de vista empresarial.

Algunhas das súas ideas poderían converterse en negocios e actividades económicas de éxito ou ben dar lugar a que outras persoas apoiem unha idea cooperando no desenvolvemento dun proxecto empresarial.

CARBALLO EMPRENDE 08 nace coa mirada posta en achegar información aos emprendedores para que estes poidan afondar nos seus proxectos. Tamén favorecerá que a mocidade vexa no autoemprego unha saída profesional e unha resposta ás súas inquedanzas.

Carballo, como capital da bisbarra de Bergantiños e principal núcleo urbán da Costa da Morte, pretende ser un foco de dinamización da cultura emprendedora,

ofrecendo respostas ás preguntas máis frecuentes que se fai un emprendedor ou emprendedora.

CARBALLO EMPRENDE 08 é unha iniciativa da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo, que conta coa colaboración da Cámara de Comercio de A Coruña. Trátase dun proxecto aberto á participación de tódolos sectores implicados na creación de empresas e que promove o coñecemento e a creación dun plan de negocio como ferramenta de partida para o desenrolo racional de calquera proxecto.





OBXECTIVOS

Coñecer para crear empresa

O principal obxectivo é o de achegar ao emprendedor e aos promotores de empresas de recente creación a información máis completa para impulsar o nacemento de novas iniciativas empresariais na Costa da Morte. Tamén se presentarán as principais ferramentas para dar os primeiros pasos no mundo da empresa e divulgar aquelas entidades públicas que apoian ao emprendedor.

CARBALLO EMPRENDE 08 celebrarase ao longo de dúas xornadas nas que distintos técnicos, empresarios e expertos participarán en encontros cos emprendedores. Ademais da asistencia ás conferencias programadas, os asistentes terán a oportunidade de recibir información persoal e de carácter privado nos distintos puntos de información que se instalarán no recinto do Viveiro de Empresas de Carballo.

Contaremos coa presenza de organismos públicos así como de entidades financeiras, organizacións empresariais, etcétera, de xeito que o público poida recibir toda a información que estime necesaria para o seu proxecto ou idea.

Os distintos poñentes e as propostas de traballo das xornadas pretenden responder a distintas cuestións:

- ¿Qué é un Viveiro de Empresas?
- Nichos de mercado
- Cooperativismo
- Vías de financiamento
- Experiencias de emprendedores
- Emprender no rural
- Asociacionismo no mundo empresarial
- Políticas de igualdade



PRINCIPAIS ELEMENTOS

Ferramentas para empender

Conferencias

Antena
Cameral

Asesoramento
persoal

Entidades
financieiras

Entidades
de apoio

Puntos
de reunión





PRINCIPAIS ELEMENTOS



•**CONFERENCIAS.** O salón de actos do Viveiro de Empresas albergará un ciclo de charlas dirixidas ás persoas emprendedoras, estudantes ou calquera promotor dunha idea empresarial.

•**ANTENA CAMERAL.** Durante a celebración das xornadas, os servizos da Antena Cameral estará a dispor dos emprendedores nas instalacións do Viveiro de Empresas

•**ASESORAMENTO PERSOAL.** O público poderá solicitar unha entrevista persoal cos dinamizadores de empresa que estarán no Viveiro durante CARBALLO EMPRENDE 2008. Toda a información será tratada con absoluta confidencialidade. O obxectivo é o de resolver dúbidas, achegar información e plantexar, se o desexa o emprendedor, o estudio dun plan de empresa.

•**ENTIDADES DE APOIO.** Nas dependencias do Viveiro de Empresas tamén estará a disposición do público puntos de información personalizada de entidades coma o IGAPE, AFIGAL, así como asociación relacionadas co mundo empresarial. Tamén se convida á participación a agrupacións empresariais coma Axober, Fecom, CCA, Asemcar, Comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Bértoa, etc.

•**ENTIDADES FINANCEIRAS.** Distintas entidades financeiras porán a disposición do público información sobre os seus produtos para os novos empresarios.

•**PUNTOS DE REUNION.** Os asistentes terán ao seu alcance a oportunidade de contar cun local para manter reunións con outros emprendedores, posibles inversores ou técnicos.



PREMIOS CARBALLO EMPRENDE



O Concello de Carballo, en colaboración coa Cámara de Comercio da Coruña convoca un concurso no que se pretende premiar ás ideas empresariais innovadoras e aos proxectos emprendedores máis singulares da Costa da Morte.

Tamén se convoca un premio no que se salientará aos proxectos formativos máis destacados, promovidos polas comunicades educativas da zona.

Ademais da distinción, os gañadores terán acceso a un despacho no Viveiro de Empresas de Carballo de xeito gratuito para poñer en marcha o seu proxecto – sempre que se adecúe ás normas do Viveiro de empresas-. Paralelamente, o premio tamén está dotado con diverso material.

As bases do concurso estarán en breve a disposición do público na paxina web do Concello de Carballo, na web da Antena Cameral e nas instalacións do Viveiro de Empresas de Carballo.

O xurado estará formado por representantes do Concello e da Cámara de Comercio, entre outras persoas.



ESPACIOS PARA EMPRENDER

O foro CARBALLO EMPRENDE 2008 elixiu o Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio da Coruña en Carballo coma escenario para desenvolver as súas actividades.

Ademais dun acolledor salón de actos conta con salas de reunións e aulas que facilitan calquera tipo de actividade.

Un dos tres módulos do edificio conta con oito despachos que estarán destinados ás entidades colaboradoras onde poderán ofrecer información sobre os seus servizos e atender con tranquilidade e discreción ás persoas interesadas en participar.





HORARIOS



	HORA	PONENCIA	POÑENTE
X. 22	10:00	Atalaya del Emprendedor	Óscar García Álvarez
	10:30	Unha idea, unha empresa	Fundación Ronsel
	11:00	Financiamento para emprendedores	AFIGAL/IGAPE
	11:30	Inauguración oficial	
	12:00	Pausa Café	
	12:30	Presentación Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Coruña en Carballo	Carlos Fernández-Cámara A Coruña
	13:00	Emprender no rural	Consellería de Medio Rural*
	13:30	Cooperar para emprender	Constantino Gago Conde – XEDEGA

V. 23	10:00	¿Que é un xoven empresario?	AJE Marinada
	10:30	Eu tamén fun emprendedor	Patricia Peña- GRUPO GALINOVA
	11:00	Emprender sen barreiras	Adolfo López Baña. INTEGRO Dolores Vázquez- ASPABER
	11:30	Pausa Café	
	12:00	Encontro de emprendedores	Varios
	12:30	Entrega de premios e clausura	

*Por determinar

CARBALLO EMPRENDE 2008

FORO DE EMPRENDEDORES E OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

22 e 23 de Maio / Viveiro de Empresas

IMAXE

